



BOLETÍN NOVIEMBRE 2023

APE GALICIA – NOVAS

- ✓ POSTA EN MARCHA DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA-SSG0111
- ✓ PRESENTACION DA FERRAMENTA TECNOLÓXICA EMI
- ✓ CLAUSURA EN VALDEORRAS DAS XORNADAS DIXITALIZACION DOS NEGOCIOS DO RURAL
- ✓ INAUGURACIÓN DO POLO DE EMPRENDEMENTO MELIDE
- ✓ PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA IMPULSO AUTÓNOMO HORIZONTE 27
- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA REÚNESE COA CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
- ✓ XUNTANZA EMPRESARIAL AEDEZA
- ✓ ENTREGA DE PREMIOS BANCO SABADELL SOSTENIBILIDAD MARINA
- ✓ VI EDICIÓN PREMIOS CEGASAL
- ✓ ENTREGA DOS PREMIOS AJE VIGO E AJE PONTEVEDRA
- ✓ VISITA DO SECRETARIO XERAL DE EMPREGO, TRABALLO AUTONOMO E EXONOMIA SOCIAL, PABLO FERNANDEZ

APE GALICIA - NOVAS

❖ APE GALICIA ACUDE Á INAUGURACIÓN DO POLO DE EMPRENDEMENTO DE MELIDE

O presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas, acudiu o pasado día 8 de novembro á inauguración dun novo Polo de Emprendemento e apoio ao emprego en Melide.



Este novo polo ven a consolidar a presenza da Rede no rural.

No acto estiveron presentes a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo.

Este Polo, o primeiro na área de influencia de Santiago, eleva a once os polos activos en toda a comunidade autónoma e a tres na provincia de A Coruña, tras os de Ferrol e Coristanco. A Xunta pretende chegar aos 15 polos a final de ano cumprindo así o seu compromiso por fixar poboación no rural con políticas transversais para afrontar as peculiaridades do noso territorio.

A aposta por estes polos de emprendemento e emprego ven a situalos como unha auténtica rede de acompañamento e asesoramento para desenvolver iniciativas empresariais que contribúan a crear oportunidades para a poboación do entorno.

❖ PRESENTACION DA ESTRATEXIA IMPULSO EMPREGO AUTÓNOMO HORIZONTE 27

Na Fundación Laboral da Construcción o día 13 de novembro tivo lugar a presentación da ESTRATEXIA IMPULSO AUTONOMO HORIZONTE 2027 elaborada cos achegas da Mesa do Emprego Autónomo.



Esta estratexia conta con tres eixos centrais: potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego, fortalecer o actual sistema de autónomos e dinamizar o emprego autónomo.

Ademais da presentación desta axenda e das diferentes liñas de apoios que a Xunta de Galicia pon ao dispor das persoas traballadoras autónomas e emprendedoras, interviñeron na mesa de diálogo o presidente de ATA, Rafael

Granados, o representante en Galicia de Agtamar -UPTA, Jesús Diéguez, a subdirectora xeral de Emprego da Xunta de Galicia, Belén Liste e, o presidente desta asociación, José Ramón Caldas, quén aproveitou para lembrar o seu paso como traballador por conta propia e agradeceu o papel fundamental da Xunta de Galicia á hora de defender e loitar polos intereses deste colectivo tantas veces esquecido pese a ser o motor principal de riqueza e emprego neste país.

❖ REUNIÓN COA CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Na Consellería de Economía, Industria e Innovación, a titular do departamento tivo unha reunión de traballo co presidente de APE Galicia, D. José Ramón Caldas, durante a cal avaliaron novas medidas para continuar coa colaboración mutua no impulso e o apoio á competitividade das pemes.

Tamén trataron diferentes aspectos do plan estratéxico, sen esquecer a importancia do desenvolver iniciativas no eido da formación para apoiar a transformación dixital do comercio galego.



❖ XUNTANZA EMPRESARIAL AEDEZA

A Asociación de empresari@s do Deza, que ven de cumprir 30 anos, celebrou o día 18 de novembro a súa tradicional xuntanza empresarial cun cocido no Pazo Bendoiro.

Durante o transcurso do acto entregáronse os seus galardóns cos que nesta edición premiouse a oito socios destacados en distintos ámbitos: Museo e Restaurante Casa do Patrón, Prefabricados Faro, Piscifino gourmet, Librería Álvarez, Mesón o Cruce, Metaldeza, Autocares Meijide e ABANCA.



A histórica Librería Álvarez, representada por Ángel Álvarez, obtivo o premio ao sector do comercio e o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, foi o encargado de entregar o galardón.

❖ PREMIO FUNDACIÓN BANCO SABADELL Á SOSTENIBILIDADE MARIÑA 2023

Vigo foi o escenario elixido para a entrega do premio á sustentabilidade mariña que a Fundación Banco Sabadell otorga este ano á investigadora do Centro de Investigación Mariña da

Universidade de Vigo, Ana Ojea polo seu taballo na adaptación e transformación dos ecosistemas socioecolóxicos mariños e na avaliación da vulnerabilidade e riscos fronte ao cambio climático.

APE Galicia estivo presente na entrega destes premios mostrando así o seu interese e apoio a este tipo de iniciativas que recoñecen a labor de xoves investigadores do noso país.

A investigación da doctora Elena Ojea está adicada ás solucións adaptativas para os sistemas socioecolóxicos mariños, que permiten a xestión sostible de recursos, a equidade social e o coidado dos modos de vida vinculados ao mar. A súa liña explora en qué medida e por qué razóns as comunidades dependentes do medio mariño, como os pescadores artesanais, e os instrumentos de conservación, como as áreas mariñas protexidas, son capaces de responder aos impactos do cambio climático.

O Premio Fundación Banco Sabadell á Sostenibilidade Marina foi creado en 2022 co obxectivo de incentivar e recoñecer o traballo dos científicos españois no campo da rexeneración do medio mariño. Tamén se quere premiar a investigación dirixida á explotación sostible dos seus recursos, e en concreto, aqueles estudos que amosen evidencias tanxibles da súa aplicabilidade e incidencia.

❖ VI EDICIÓN DOS PREMIOS CEGASAL

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL), celebrou a VI edición dos seus

premios cos que conmemoran cada ano a responsabilidade social e a dedicación cara a inclusión.

CEGASAL é unha das entidades vinculadas a APE Galicia e en representación da nosa asociación acudiu ao acto o presidente, Jose Ramón Caldas.

Nesta Gala, Cegasal premiou ao conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, ao Concello de Ames, co seu rexidor Blas García, á cabeza; a farmacéutica Janssen; á secretaria xeral para os medios da Xunta de Galicia, Silvia Valdés; e aos periodistas Cristina Barral (da Voz de Galicia) e Iago Ebrero (Enfoques.gal).

No evento participaron máis de 300 persoas e contou coa participación do presidente da Xunta que destacou o compromiso de entidades como CEGASAL na inserción no ámbito laboral de persoas con discapacidade avanzando desta forma hacia unha sociedade máis igualitaria, xusta e digna.

Previamente á entrega dos galardóns, representantes de CEGASAL dos centros de emprego e do tecido empresarial galego participaron nun almuerzo que contou coas intervencións da conselleira de Emprego e o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.

CEGASAL nos seus 25 anos de vida conseguiu que o 96% dos traballadores dos seus 32 centros que representa sexan persoas con discapacidade. O Obxectivo para os próximos anos é xerar ata 400 postos de traballo máis.

❖ GALA DE ENTREGA DE LOS XVIII PREMIOS JOVEN EMPRESARIO/A E INICIATIVA EMPRENDEDORA- AJE VIGO

O presidente de AJE Vigo Iván Suarez invitou a APE Galicia a participar na gala anual de entrega dos premios as mellores iniciativas emprendedoras e aos xoves empresarios que AJE Vigo quiso celebrar o día 23 de novembro en O Porriño a onde acudiu o presidente da nosa entidade.

Un total de 14 propostas optaban aos premios, que tamén incluían dous accesit (innovación e RSE), gran parte dos proxectos naceran durante a pandemia para dar resposta ás necesidades daquel momento e hoxe en día han logrado estabilizarse tras seguir medrando.

Os proxectos vencedores desta edición foron Restaurante CRUDEZA de Vigo, como Premio Xoven Empresario, e a empresa VANETTA VEGAN FOOD (Premio Iniciativa Emprendedora) primeira marca galega de carnes vexetais, con fabricación e distribución propia e artesanal.

Os dous acésits foron para Datcisions, que desenvolve un software de xestión de stock mediante unha aplicación: datplanner e tamén para Comunicacion, axencia de marketing dixital, branding e comunicación.

O premio honorífico recolleuno Fernando Godoy, xerente do Grupo Godoy Maceira, empresa familiar con sede en Porriño especializada no deseño, elaboración e transporte de obras en granito.

❖ AJE PONTEVEDRA ENTREGA OS PREMIOS XOVE EMPRESARIO DO ANO

Na ENM de Marín, o día 24 de novembro AJE Pontevedra recoñecía o talento, a labor e o valor dos emprendedores da provincia, coa entrega dos seus premios anuais.

A axencia de viaxes especializada no Camiño de Santiago Gali Wonders e a empresa de elaboración de xoias naturais Sembra alzáronse cos galardóns de Xove Empresari@ e Iniciativa emprendora, respectivamente, aínda que tamén houbo dúas mencións de honra para dous proxectos empresariais moi novedosos como Chorima, cosmética atlántica e Wildfire Sentinel, este último premio foi entregado polo presidente de APE Galicia, presente no acto.



O acto contou cunha nutrida representación institucional, política e empresarial.

A entrega do premio honorífico á empresa NODOSA foi un dos momentos mais emotivos da noite.

O premio foi recollido polo director de Relacións institucionais, Rafael Outeiral, que destacou o carácter familiar de NODOSA que en 2025 cumprirá 50 anos.

❖ 25N ENTRE TODAS E TODOS

O 25 de novembro no Castelo de Soutomaior tivo lugar o acto institucional con motivo do Día contra a violencia de xénero organizado pola Xunta de Galicia e pola Deputación de Pontevedra.

APE Galicia foi invitada a este acto no que se proxectou un vídeo sobre o 25N e celebrouse unha mesa redonda sobre prevención e visibilización da violencia contra as mulleres na que participaron mulleres representativas de diversos sectores.

A violencia de xénero constitúe, na actualidade, unha das lacras máis importantes e urxentes a tratar polo conxunto da sociedade, xa que é unha violencia que ten moitas caras e contra a que temos que loitar todos como colectivo.

❖ INAUGURACIÓN DO POLO DE EMPRENDAMENTO DE O PORRIÑO

No salón de actos do Centro Cultural Municipal de O Porriño tivo lugar a inauguración do Polo de emprendemento e de apoio ao emprego de Porriño.

Este é o duodécimo polo inaugurado pola Xunta de Galicia, aínda que leva funcionando desde hai algún tempo, e no que ven asesorando a máis de 50 persoas cos seus respectivos proxectos (dos que o 61% eran mulleres). Prestáronse neste tempo casi un centenar de tutorías para impulsar os seus negocios.



A Xunta preve chegar a ter 15 polos en marcha a finais de este ano, mostra da súa aposta por xerar riqueza pegada ao territorio con esta práctica recoñecida en Europa que fomenta o emprendemento dunha forma completa, sen límite de tempo e de forma gratuíta.

❖ VISITA DO SECRETARIO XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTONOMO E ECONOMIA SOCIAL, PABLO FERNÁNDEZ

O día 30 de novembro a sede de APE Galicia recibiu a visita de Pablo Fernandez, actual secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, que participou nun encontro cos alumnos do certificado de profesionalidade de xestión de chamadas de teleasistencia que se ven impartindo desde principios deste mes.



Neste encontro se intercambiaron impresións con estes alumnos en situación de desemprego e fixo referencia á importancia da formación e a necesidade de cubrir determinados postos de traballo en diferentes sectores na nosa comunidade.

Durante a case hora e media que durou a visita Pablo Fernandez e o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, xunto coa secretaria xeral desta entidade, aproveitaron para reunirse e tratar temas relacionados coa situación que está a atravesar o colectivo autónomo na actualidade, e a súa preocupación pola eliminación, por parte do goberno central, do alivio fiscal que ata agora viñan tendo as persoas traballadoras autónomas que cotizan en módulos, pois según o proxecto de orde publicada polo Ministerio de Hacienda estes días, dita redución para calcular o rendemento neto volverá o ano que vén ao 5 %, tras ser incrementada ao 15 % no 2022 e ao 10 % neste exercicio.



APE FORMACIÓN

❖ CLAUSURA DAS XORNADAS DE DIXITALIZACIÓN DOS NEGOCIOS NO RURAL EN VALDEORRAS

O día 7 de novembro demos por clausuradas as Xornadas de Dixitalización dos Negocios no Rural que APE Galicia viña desenvolvendo desde o mes de outubro en distintos puntos da xeografía da nosa comunidade autónoma.

Esta derradeira xornada contou coa colaboración de AEVA e do IGAPE e tivo lugar en Vilamartín de Valdeorras, no Centro Social Santa Lucía.



Como en xornadas anteriores, a temática estivo centrada na tarefa da dixitalización dos negocios en entornos rurais, as axudas dispoñibles e as ferramentas que poden adaptarse mellor ás peculiaridades deste tipo de negocios para elo contamos coas intervencións de Jaime Barreiro, técnico e experto relator en temas de dixitalización e tamén un técnico do IGAPE

amosou a mapa de axudas que existen na actualidade.

❖ FORMACIÓN PARA DESEMPREGADOS: XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA

O día 6 de novembro daba comezo a impartición do Certificado de Profesionalidade de Xestión de Chamadas de Telesistencia.

As 15 persoas participantes obterán durante as 328 horas a formación conducente á obtención deste certificado, aportando os coñecementos precisos para recibir, emitir e xestionar as chamadas para prestar o servizo de telesistencia, manexando as ferramentas telemáticas, técnicas de atención telefónica e habilidades psicosociais e de traballo en equipo dando resposta ás procuras e demandas das persoas usuarias e movilizandoo os recursos precisos no seu caso, garantindo en todo momento a calidade do servizo, o trato personalizado e a confidencialidade da información.

Para poder acceder a este certificado alo menos é imprescindible ter algún dos seguintes requisitos:

- Ter o título de graduado en ESO.
- Ter 2º BUP cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous cursos
- Ter un certificado de profesionalidade do mesmo nivel, ou dun certificado nivel I da mesma familia e área profesional.

-Estar en posesión dun título de FP Básica, Técnico de FP ou Técnico de Artes Plásticas e Deseño.

- Ter un título de formación profesional básica ou haber superado a proba de acceso aos ciclos formativos de grado medio.

-Haber superado os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial (PQPI)

-Haber superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou 45 anos

De non dispoñer de ningunha destes requisitos, pódese realizar a Proba de Competencias Crave para poder acceder aos Certificados de Profesionalidade.

O curso impártese na sede de APE Galicia en Pontevedra na súa aula de formación, en horario de 9 a 14 e extenderase ata o 15 de febreiro, tras realizar as 80 horas do módulo de prácticas profesionais non laborais.

Ao finalizar esta formación teórica e práctica, as persoas participantes poderán traballar por conta allea en organizacións ou empresas públicas ou privadas como operador ou teleoperador no servizo de teleasistencia domiciliaria, brindando información e mobilizando os recursos en función das necesidades das persoas usuarias, entre estas adultos maiores ou vítimas de violencia de xénero.

Esta formación brinda a oportunidade a persoas desempregadas de insertarse no mercado laboral nun sector con unha grande demanda.

OUTRAS NOVAS

❖ PRESENTACIÓN DA FERRAMENTA TECNOLÓXICA EMI

A conselleira de promoción do emprego e igualdade Elena Rivo, participou o 3 de novembro en Pontevedra na presentación da ferramenta EMI, un software que emprega a analítica avanzada e que se está a aprobar nas oficinas de emprego de Ordes e Cambados.

Esta nova ferramenta trata de identificar as necesidades do mercado de traballo en tempo real e adaptar a formación e os itinerarios formativos a ditas necesidades, axustando de xeito áxil e de maneira máis efectiva aos perfís coas candidaturas utilizando a intelixencia artificial para optimizar os procesos de formación e colocación co gallo de xerar máis e mellor emprego en Galicia.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra



